



## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Costa dos Mouros de Rececende*

Na parroquia de San Xoán de Rececende, A Pontenova (Lugo) hai un lugar chamado a Costa dos Mouros porque acamparon alí os mouros. O cabalo dun daqueles mouros, ó tropezar nunha pena, caeu por un barranco e rinchou potente, tanto que alertou a toda a vecindade, que correu refuxiarse á Cova das Augas Santas. Desde entón e aínda agora hai xente que escoita de noite o rinchar daquel cabalo, aínda que xa non acampan os mouros na Costa dos Mouros.

### **BIBLIOGRAFÍA**

Arquivo Chaira: Información de José Antonio Alonso González, Rececende (S. Xoán), A Pontenova (Lugo). ano 1996.

Carnero, O., Cuba, X., Reigosa, A. e Salvador, M.; Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Deputación provincial de Lugo, 1998.

Cuba Rodríguez, X. R., Reigosa Carreiras, A., "*Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda*", en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.